

# QUE LEAN E SEXAN FELICES!

## PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR E DE ANIMACIÓN Á LECTURA

C.E.I.P. VISTA ALEGRE (BURELA)

CURSO 2005/06



### 1. CONTEXTUALIZACIÓN DA NOSA BIBLIOTECA ESCOLAR

### 2. ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA (FORMANDO LECTORES)

#### 1.CONTEXTUALIZACIÓN DA NOSA BIBLIOTECA ESCOLAR

O noso centro chámase C.E.I.P Vista Alegre e está no concello de Burela. As nosas peculiaridades, tanto as do centro como as das actividades que se desenvolven dende a biblioteca, veñen bastante determinadas polo feito de que dende o ano 1978 levan incorporándose continuamente á nosa poboación amplios grupos de inmigrantes principalmente procedentes de Cabo Verde, de Perú, Colombia... de modo que o noso entorno se volve multicultural, e nós temos a obriga e o deber de dar resposta a esta nova realidade dende múltiples puntos de actuación, polo tanto tamén dende a biblioteca escolar. Tende en conta que o 15% dos 199 alumnos matriculados a día de hoxe é alumnado inmigrante.

*Esto, como poderedes comprobar, está moi presente nas actividades de fomento da lectura que se desenvolven dende a biblioteca.*

O curso pasado puxemos en marcha por primeira vez o proxecto de xornada continuada o cal actuou como detonante da necesidade de crear un proxecto de biblioteca e solicitar o Plan de mellora de bibliotecas escolares, posto que íamos ter que ter aberta a biblioteca todas as tardes, e ata ese momento carecíamos dela. Só estaban a funcionar como medio de fomento da lectura as Bibliotecas de Aula.

Decir que como apoio, para comezar co rodaxe dunha biblioteca e a programar actividades de animación á lectura, fixemos un grupo de traballo sobre “dinamización da nosa biblioteca escolar”, a través do cal contamos ca axuda de diferentes persoas máis expertas que nós neste ámbito e que nos deron grandes ideas para por en práctica, aínda que pouco a pouco. Entre elas destacan Rosa Serdio, Isabel Pemán, Chelo Veiga...

Para a **FORMAR LECTORES** e para a programación de actividades de animación á lectura no noso centro partimos da premisa de que hai que aproveitar ao máximo todos os recursos e posibilidades que se nos ofrezan, así contamos coa colaboración das editoriais, do CEFORE, do concello, de ONGs, dos distintos departamentos, como normalización lingüística, inglés, extraescolares...

O que vou a *describir a continuación son as actividades que levamos a cabo dende a biblioteca escolar durante o curso pasado ca finalidade de fomentar a lectura entre o noso alumnado e dinamizar a nosa biblioteca escolar, que se incorporaban no noso proxecto que levaba por título : **Que lean e sexan felices!*** Para levalas a cabo foi imprescindible a colaboración de todo o profesorado do centro que axudou e participou en todo o necesario para desenvolve-las.

De todos modos é moi importante recalcar que a nosa é unha biblioteca de moi recente creación, só levamos traballando con ela aproximadamente dous anos, polo tanto veredes que segue coxeando en moitos aspectos nos que precisa mellorar, pero estamos intentando melloralala día a día e traballamos con ese fin e con esa ilusión.

## **2.ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA (FORMANDO LECTORES)**

Pasovos materiais para que podades ver actividades realizadas, fotos da biblioteca, memorias, o anexo IV do proxecto de mellora deste ano, exemplos de fichas, algúns libros, portadas de libros de animación á lectura... En fin, materiais sobre os que vou a falar agora.

Na nosa andadura de creación da nosa biblioteca escolar partimos de adecuar os espazos, do que ata ese momento era casi un almacén de libros vellos e material en desuso, purgar os recursos e comezar cas labores de organización ( creando espazos e recantos, elaborando as normas de uso da biblioteca, de uso das novas tecnoloxías, dando a coñecer o sistema de organización do material á comunidade educativa...), xestión e catalogación do material. Este último é un proceso que seguimos a realizar na actualidade, posto que o tempo non nos da para moito, e polo momento, a través do

programa Meiga temos uns fondos catalogados de aproximadamente 1300 exemplares.

A inicios do curso pasado a biblioteca comezou a funcionar como tal e polo tanto chegou o momento de empezar a planificar e a poñer en práctica as actividades necesarias para formar aos usuarios, para potenciar e formar lectores autónomos e eficaces ao mesmo tempo que integrábamnos a biblioteca no normal funcionamento do colexio e no propio proceso de ensinanza-aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, sempre e cando fora posible. Estes eran os nosos retos e obxectivos, e bueno, non sempre se cumpriron na súa totalidade, pero esforzámonos por facelo o mellor posible.

Así, comezamos organizando un:

❖ **CONCURSO ENTRE O ALUMNADO PARA ELEXIR O NOME DA MASCOTA DA BIBLIOTECA E O SEU LEMA.**

Así o resultado foi que a mascota quedou co nome de LIBRUXA e trátase dunha bruxa moi simpática que dende un lugar estratéxico da nosa biblioteca nos mira decindo: XOGAMOS A LER?, que non é outro que o lema que resultou gañador. (A mascota tamén se atopa no selo da biblioteca e polo tanto en todos os libros animando ao noso alumnado a ler)

Aos gañadores fixémoslles entrega dun diploma e dun agasallo na festa de final de curso.

❖ **DESPOIS, E DE FORMA CONSTANTE DURANTE TODO O CURSO, ORGANIZAMOS SESIÓNS DE CONTACTOS** na biblioteca.

**Estas lecturas colectivas facémolas por grupos, ven por niveis si se leva a cabo na hora que cada curso ten asignado dentro do horario lectivo á biblioteca ou interciclos si a actividade se desenvolve en sesións de tarde. Os encargados de narrar os contos, previamente caracterizados ( temos unha capa e un gorro de bruxa), como se pode ver nas fotos soen ser:**

1. O propio alumnado de diferentes cursos que se presta voluntario e que resulta moi motivador para os ointes ou
2. Os propios mestres/as dos diferentes niveis.

Esta actividade, de escoitar contos, lendas ... é a nosa actividade estrela e a verdade é que lle encanta a todos e todas!

❖ **DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE ORGANIZAMOS UN TALLER DE ENCUADERNACIÓN** (para que foran os propios alumnos/as os que aprenderan como facer e encuadernar un libro... Así, entre todos elaboraron o noso **LIBRO DE VISITAS**, onde recolleamos as firmas e dedicatorias de todos aqueles que co seu apoio nos axudan a seguir potenciando a lectura entre o noso alumnado. Actividade para a que contamos ca colaboración da Deputación de Lugo

❖ **DESPOIS, POR EXEMPLO, PARA A CELEBRACIÓN DO MAGOSTO ELABORAMOS LIBROS CON FORMA DE CASTAÑAS ( O conto da castaña Catalina) E FIXEMOS UNHA EXPOSICIÓN PARA QUE TODO O COLEXIO TIVERA ACCESO A LECTURA DOS MESMOS.**

❖ **EN DECEMBRO O NOSO ALUMNADO DE PRIMEIRO CICLO FIXO UN TALLER CO ILUSTRADOR “ANXO FARIÑA”. PREVIAMENTE NA**

BIBLIOTECA A TITORA TRABALLARA COS LIBROS QUE EL ILUSTROU ( ANTÓN E POMPÓN, Do Quixote e Breogán) DE FORMA QUE O ALUMNADO ESTABA MOI FAMILIARIZADO COS SEUS PERSOAXES. Decir que deixou uns retratos dos alumnos/as, que despois se encargaron de pintar e colgámoslos na entrada da biblioteca e polos pasillos.

- ❖ **Xa no segundo trimestre...** concretamente ...
- ❖ **EN FEBREIRO CONTAMOS CUNHA ANTROPÓLOGA QUE FIXO UN TALLER SOBRE A VIDA COTIÁ NUN POBO DE CABO VERDE**, así explicoulle ao alumnado como viven alí e as diferenzas e similitudes que existen con respecto á vida no noso pobo. Desafortunadamente resulta moi difícil conseguir libros de Cabo Verde e menos en crioulo que é o idioma que ven falando o alumnado cando chega ao noso colexio, son escasos os que saben falar algo de portuxés, polo tanto, ademáis de contar na biblioteca con libros neste idioma, recurrimos á oralidade para explicar as vivencias do alumnado inmigrante, como foi neste caso. A partir do taller o alumnado tratou de reflexar o aprendido e o suposto sobre o papel e saíron verdadeiras obras de arte. Incluso tiveron a oportunidade de practicar bailes típicos dalí, e pasárono moi ben. Pasei un dossier elaborado a partir das vivencias que os alumnos/as recolleron e asimilaron despois do taller.
- ❖ **TAMÉN EN FEBREIRO, RECURRIMOS AO TEATRO PARA POTENCIAR A LECTURA E FORMAR LECTORES. O NOÑO ALUMNADO ACUDEU VER A OBRA “TALL TALES” DA COMPAÑÍA DE TEATRO “CLEVER PANTS”**. Esta foi unha actividade realizada en colaboración co departamento de inglés. O seu argumento xiraba entornado a unha nena que só se adicaba a ver a televisión e a xogar nas consolas, e un día que sae a pasear ao seu can por obriga do pai, este escápaselle e vaine atopar a unha biblioteca, alí descubre a maxia dos libros e as grandes aventuras que se poden vivir a través da súa lectura. Como podedes ver, aproveitamos para relacionar calquera actividade dende a biblioteca nas áreas do resto do currículo, posto que consideramos que a biblioteca debe estar totalmente integrada na dinámica do centro e no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, non pode ser estática nin estar aislada, posto que así xamais se conseguiría o obxectivo de formar lectores autónomos e eficaces.
- ❖ **Outras actividades de animación á lectura levámolas a cabo aproveitando a celebración do ANTROIDO**. Así:
  - Elaboramos entre todos/as un boneco no que pegamos todo aquilo negativo e todo aquilo que non se pode facer na biblioteca e queimámolo no patio para espantar aos malos costumes. Foi unha maneira de traballar as normas da biblioteca dunha forma participativa e motivadora.
  - Despois, á hora de disfrazarnos elegimos o tema dos “Contos populares e persoaxes de ficción”, de forma que cada curso tivo que elixir un ou varios persoaxes dalgún conto para caracterizarse e para montar despois a festa entre todos.
  - Así Educación infantil durante esa época traballou profundamente os contos do Fautista de Hamelín, o coelliño branco e Robin Hood.

- O primeiro ciclo traballou o conto da Cebrá camila, o segundo ciclo traballou con Speedy González e o terceiro ciclo con Harry Potter.
  - Finalmente fixemos un desfile conxunto e montamos un festival. As portadas dos libros aos que recurrimos para a celebración desta festa tédelas tamén entre o material.
- ❖ **ADEMÁIS DAS ACTIVIDADES DESCRITAS POLO MOMENTO QUE LEVOU A CABO O ALUMNADO O PROFESORADO DO CENTRO, DURANTE O 2º TRIMESTRE TAMÉN LEVOU A CABO UN TALLER DE LECTURA** (impartido por ROSA SERDIO, que é unha mestra asturiana que leva moitos anos dedicándose ao traballo dunha biblioteca e que conseguimos que viñera a través do CEFORE e do Grupo de Traballo que tiñamos solicitado). Así a partir deste taller surxiron as seguintes ideas que puxemos en práctica:
- ❖ Puxemos en marcha o **TENDAL DOS CONTOS**. Esta actividade consiste en que cada alumno/a de lectura ao libro que máis lles guste e logo elabore unha breve ficha de lectura, na que incorpora o título, o autor, a editorial, os persoaxes, o argumento, e o máis importante para nós, a súa valoración persoal. Unha vez elaboradas cólganse no tendal, que non é outra cousa que un panel de madeira ubicado no pasillo central do colexio, con unhas pinzas. Esta exposición ten unha duración aproximada de un mes por aula e todos os alumnos/as poden ver que libros gustaron máis, cales menos e cal é o argumento de cada un, de forma que cando van á biblioteca xa poden ter preferencias por un ou por outro libro.

OS OBXECTIVOS como en todas as actividades son:

- familiarizar ao alumnado cos libros
- potenciar e animar á lectura
- favorecer o seu pensamento crítico e a elaboración de opinións persoais.

As fichas que se realizaron aproveitáronse posteriormente para facer **GUÍAS DE LECTURA POR CURSOS**, donde o alumnado recomendaba que ler aos seus compañeiros...

Tedes ahí algúns exemplos tanto das Guías de recomendacións de lecturas como de algunhas fichas escaneadas do Tendal dos contos.

- ❖ Tamén creamos o **“HOSPITAL DOS LIBROS”**, de forma que lle atribuímos ao alumnado a responsabilidade de colocar nel todos os libros que atope en mal estado e despois buscar a oportunidade, xunto cos respectivos titores ( na hora semanal de biblioteca ou na hora de alternativa) de colaborar na recuperación dos libros vellos para que volvan a ser fonte de información, conocimiento e aventuras para todos/as.

Debemos concienciar ao alumnado de que hai que coidar os libros e de que por moi usados e vellos que parezan non deixan de posuír o seu valor e non se deben romper nin tirar.

- ❖ Xa no mes de marzo levamos a cabo, ca colaboración de Chelo Veiga, unha **ACTIVIDADE DE FORMACIÓN DE USUARIOS DE BIBLIOTECA**.

Fixemos actividades cos alumnos de búsqueda de información, en libros, en internet, aprenderon a utilidade dos libros para calquera cousa cotiá que necesiten saber.

Tedes máis especificados os contidos traballados nesta actividade no material que vos pasei, así como a temporalización da mesma.

❖ **NO TERCEIRO TRIMESTRE, como resposta á realidade multicultural na que está inmerso o noso colexio, COMEZAMOS A POR EN PRÁCTICA UNHA ACTIVIDADE DE POTENCIACIÓN DA INTEGRACIÓN E DA INTERCULTURALIDADE A TRAVÉS DE DIFERENTES ACTIVIDADES:**

- Elaboramos un mapamundi, e marcamos os países de onde procede o noso alumnado, puxemos ao lado a bandeira e as fotos dos alumnos/as e colocámolo na entrada do colexio.
- Logo eleximos como país para traballar este ano: Perú, e fixemos unha exposición de obxectos e fotos típicas para contextualizar a actividade.
- Buscamos bibliografía sobre o país e páxinas de internet útiles e pasamos unha lista a cada aula, para que tivesen unha base de onde extraer información. Pedimos axuda á ambaixada e o consulado para que nos remitiran toda aquela información que pudesen e enviáronnos posters, dípticos, pegatinas...

Por último, e máis importante puxemos en marcha **A CREACIÓN DUN LIBRO-ABECEDARIO ENTRE TODO O ALUMNADO DO COLEXIO, DE FORMA COOPERATIVA, acerca dese país. O PROXECTO MONOGRAFICO LEVA POR TÍTULO: COÑECENDO PERÚ DA A-Z!**

Os obxectivos eran formar lectores e usuarios de biblioteca autónomos para a búsqueda de información, para a comprensión da mesma e para a súa sintexis e selección, potenciar as novas tecnoloxías, e mellorar a integración do colectivo peruano nas nosas aulas. ( todo isto levouse a cabo ca axuda e supervisión dos titores e do equipo de biblioteca).

Pretendemos continuar con este proxecto durante este curso pois o ano pasado non nos deu tempo a facer todo o que pretendíamos, quedounos algo coxo posto que non deu moito tempo a traballar dentro das aulas ca temática de Perú e da inmigración a partir do libro elaborado. Ademáis durante este curso tamén temos intención, sempre e cando sexa posible, completar o traballo con talleres de contacontos de lendas peruanas ... sempre e cando contemos co apoio e colaboración das familias.

Podedes ver, entre o material, varios modelos de fichas, así como o libro elaborado.

- ❖ Por outra parte, xa en maio, e para celebrar **o DÍA DO LIBRO** contamos ca **visita do ilustrador Suso Cubeiro** que deleitou e sorprendeulle as súas habilidades ao alumnado do segundo e do terceiro ciclo de primaria. Previamente a esta actividade xa se traballara co alumnado algunhas obras que el ilustrara como era o caso de Larita ou No corazón da Fraga.

- ❖ Outra actividade de animación á lectura que levamos a cabo no mes de maio foi un **espectáculo chamado “O vendedor de paxaros”, no que o actor Miro Magariños** contaba historias e contos a través dunha representación con sombras chinescas. Organizámolo en dúas sesións, a primeira con E.i e primeiro ciclo e a segunda para os máis maiores.
  
- ❖ Xa a última actividade encamiñada a formar lectores que tivemos o curso pasado foi en xuño, e veu de man da editorial Kalandraka, que nos enviou a unha **contacontos** que entretivo e fixo disfrutar ao noso alumnado máis pequeno ca maxia dos contos. Fixemos tres sesións de 40 minutos aproximadamente, a primeira con 3-4( metade) anos e a segunda con 4 (metade) e 5 e a terceira con primeiro ciclo.
  - Decir que sempre que levamos a cabo unha actividade concreta, sexa con apoio de xente de fóra que nos visita como actividades de dentro do propio centro facemos previamente exposicións daqueles libros ou material relacionado para que estén ao alcance de todo o alumnado e se vaian familiarizando ca información previa máis relevante para a actividade que despois se vai a desenvolver.
  - Ademáis, tamén intentamos manter a curiosidade do alumnado pola lectura colocando aproximadamente cada mes as NOVIDADES LECTORAS que se poden atopar na biblioteca, nun **PANEL DE NOVIDADES LECTORAS** ubicado na entrada da Biblioteca, estes son libros que poden manipular nos cambios de clase, nos recreos... Tamén facemos ocasionalmente exposicións sobre diferentes temáticas: libros de poesía, libros de teatro, libros dun determinado autor...
  
- ❖ Resaltar que, como xa dixen, tamén intentamos establecer relacións entre as áreas curriculares e a biblioteca de forma que ésta se integre con normalidade no proceso de E-A, como podemos ver nas fotos, nas que os nenos/as están aproveitando os recursos da biblioteca para abordar un tema de coñecemento do medio de segundo nivel de primaria.

En grupos propónselles un tema ( os órganos) acerca do cal teñen que buscar información valéndose de libros, internet, enciclopedias multimedia,... analizala e sintetizala. Logo fan unha posta en común do atopado.

Decir que todas as actividades que levamos a cabo dende a biblioteca o curso pasado, tales como as sesións de contacontos, as actuacións teatrais, os talleres cos ilustradores, as actividades de formación de usuarios, os talleres de lectura, a elaboración do libro: coñeces Perú?, de guías de lectura, as actividades de interculturalidade, o antroido,etc, **TODAS TEÑEN COMO**

**FINALIDADE FORMAR LECTORES E USUARIOS DE BIBLIOTECA DUNHA MANEIRA AMENA E LÚDICA.** Hai que dicir que non sempre todo sae ben, e para a realización destas actividades sempre nos encontramos con pequenos problemas, de organización, de persoal, de horario... pero que con boa vontade por parte de todos vanse solucionando.

O proxecto deste curso do plan de mellora leva por título: Que lean e continúen sendo felices!, e trátase principalmente dunha continuidade do do ano anterior. Cara a este curso, temos elaborado un **PLAN DE ACTUACIÓN** dividido por trimestres en función do Plan de mellora deste ano, pero decidimos profundizar máis nas actividades e abarcar menos cantidade, posto que o ano pasado como era o primeiro ano e partíamos da nada, quizáis quixemos facer demasiadas cousas e faltounos profundidade en algunhas delas, como é o caso da monografía sobre Perú., ademáis a programación e a búsqueda das actividades resultou un traballo duro, que necesitou moito da implicación de todo o claustro e restou tempo a outras actividades tamén importantes.

( ler o plan de actuación anual, e trimestral)

En definitiva, levamos só traballando ca biblioteca e dende a biblioteca un ano e o que vai deste e aínda nos queda moito por aprender, por mellorar e por conseguir, pero alomenos temos a vontade de intentar facelo cada día un pouco mellor.

Por exemplo unha das nosas contas pendentes é o sistema de préstamo, que aínda que usamos o programa meiga e cada lector conta co seu carnet de biblioteca, non puxemos en práctica o préstamo de forma central, só fixemos unha proba a final do curso pasado, e polo momento séguese funcionando co préstamo dende a biblioteca de aula.

Para rematar só dicir que no que vai de curso o que fixemos polo momento foi:

- ❖ Darlle continuidade ao **“TENDAL DOS CONTOS”**
- ❖ Traballar **“OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DOS NENOS/AS”** aproveitando como recursos os libros que temos na biblioteca sobre o tema ( como por exemplo: Colección dos Dereitos do neno e da nena, de Teresa Sabaté, ed. Baía e mais Piruletas de Filosofía. Ediciones Sm), montamos unha exposición e nas aulas vaise traballar este tema. Logo pretendemos facer unha recopilación dos traballos feitos e facer un mural global.
- ❖ Tivemos tamén unha **mañá da interculturalidade**, na que se contaron contos do mundo e se fixeron xogos de rol e cooperativos acerca duns libros chamados: “Irene dos Andes”, e que pretenden fomentar a lectura e traballar a través dela a integración e a multiculturalidade, para isto contamos co apoio dunha ONG ( Solidariedade internacional de Galicia). O libro sobre o que se realizou a actividade podeades velo, vai no material.
- ❖ Celebramos o **día internacional das bibliotecas escolares**, que este ano levaba por lema: **ler, saber, facer**, e para eso organizamos unha fotomontaxe sobre a evolución da nosa biblioteca e as actividades que fixemos nela de animación á lectura o curso pasado, e das que vos falei antes.

- ❖ Antes de acabar quería que recordades que a nosa biblioteca leva funcionando moi pouco tempo, que surxeu da nada e que ningún dos que agora traballamos nela tiñamos ningunha experiencia no tema, polo tanto estou segura de que moitas das actividades que vos describín e que fixemos ao longo do curso se poderían mellorar e precisamos seguir esforzándonos día a día para conseguilo. A partir de aquí seguiremos traballando co obxectivo principal das bibliotecas escolares e do noso proxecto: Que o alumnado lea por e para disfrutar!!!

**C.E.I.P. VISTA ALEGRE  
BURELA- LUGO**

**BELINDA BLANCO FERNÁNDEZ  
( RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR 06/07)**